

REGULAMENTO DAS ASESORIAS DA UNIÓN SINDICAL DE TRABALLADORES DE GALICIA

Limiar

As normas establecidas neste regulamento obrigan a tódalas partes afectadas. O Comité Nacional da USTG, poderá modificalas cando o teña a ben.

Con elas quedan regulados o asesoramento e asistencia xurídica proporcionada polos recursos propios ou concertados, da Unión Sindical de Traballadores de Galicia, nos locais do Sindicato adaptándose a elas as situacións especiais que se poidan acordar polo Comité Nacional.

Artigo 1.- Ámbito e extensión do servizo.

1. A atención xurídica constitúe un dos servizos do sindicato para os afiliados ó corrente do pago das cotas.
2. A condición de afiliado só a ten o titular do carné de afiliado que se deberá presentar para a utilización do Servizo.
3. No obstante, tamén poderán ser atendidos os non afiliados, ós que se lles aplicarán as presentes normas e en concreto as tarifas a eles referidas e contidas no anexo I.
4. O Servizo comprenderá exclusivamente a asesoría e atención xurídica de materias do dereito do traballo, seguridade social e contencioso-administrativo, quedando polo tanto excluídas as restantes materias de outras xurisdicións (penal, civil, etc.).
5. No referido a outras materias ou campos do Dereito, tan só se poderá prestar, no ámbito do Sindicato, a primeira consulta. De xeito que, unha vez realizada esta, os/as usuarios/as da Asesoría podan concertar, cos profesionais titulares da mesma e fora do ámbito do Sindicato, a continuación do expediente, prezo e demais cuestións.

Artigo 2.- Gastos no incluídos no Servizo

1. Serán por conta do/a usuario/a, incluídos os afiliados, as seguintes partidas:
 - a) A condena ao pago das custas e multas que se poidan impoñer polos Tribunais na tramitación de calquera procedemento, dos que será responsable o/a reclamante.
 - b) Os custos externos da propia asistencia e dirección xurídica, que sexan precisos para a tramitación do expediente e o seu bo remate, como son: os gastos de procuradores, a realización de poderes notariais, a obtención de información nos rexistros públicos, expertos médicos, a taxación de bens e os que sexa preciso contratar a institucións ou profesionais alleos ó Sindicato e que impliquen un custo adicional.
 - c) Os gastos de dietas e desprazamento, se fora o caso, por estar o xulgado nunha cidade distinta á

da sede do Sindicato ou da residencia do usuario.

Artigo 3.- Reclamacións especiais e/ou colectivas.

1. A decisión sobre a atención ou non, de casos ou expedientes individuais ou colectivos de interese especial, corresponderá ao órgano de dirección da Unión correspondente e responsable da Asesoría Xurídica.
2. Cando a xuízo do avogado un caso é inviable, deberá poñelo en coñecemento do responsable do Sindicato, quen conxuntamente con aquel decidirá a conveniencia ou non de seguir o trámite do asunto por razóns de interese especial.

Artigo 4.- Cita previa e protocolo de actuación.

1. O servizo de Asesoría prestarase mediando a solicitude do/a usuario/a, afiliado/a ou non, que deberá, segundo os casos, ser previamente filtrado por un militante ou dirixente do Sindicato ou polo/a asesor/a laboral, cando se dispoña, quen determinarán a pertinencia da consulta e dará a cita rexistrándoa no libro de Asesoría da Recepción.
2. Se tras a consulta inicial, se considera preciso comezar procedementos legais, abrírase unha carpeta para cada expediente, na Asesoría Xurídica.
3. Explicaráselle ao usuario/a as tarifas (anexo I) e condicións do Servizo e se lle pasará á sinatura o contrato de prestación do mesmo (anexo II), se lle pedirán os datos necesarios para contactar con el, unha fotocopia do DNI e a documentación que se precise.
4. Durante a tramitación do expediente, rexistraranse coa sinatura do/a usuario/a tódalas incidencias especialmente as comunicacións de datas de conciliación, xuízo, etc., e a documentación aportada. Así mesmo a documentación aportada poderá ser retirada polo usuario, cando non sexa necesaria ou no caso de desistir, tralo abono dos honorarios e previa a sinatura do usuario. (anexo III)
5. Cando se inicie un expediente dun usuario/a non afiliado/a deberá cobrarse a correspondente provisión de fondos.
6. Ao remate do expediente procederase ó arquivo do mesmo na sede do Sindicato, e súa liquidación e cobro, tendo en conta, se fose o caso, a provisión de fondos realizada, ou o abono realizado por consulta previa, emitindo factura oficial do Sindicato (anexo IV). No caso de ser afiliado e darse de baixa durante a tramitación do expediente, as tarifas a aplicar serán as establecidas para os non afiliados.

Anexo I

TARIFAS VIXENTES NAS ASESORIAS XURIDICAS DO SINDICATO

SERVIZO	Afiliados ate un ano de antigüidade	Afiliados con + dun ano e - de seis de antigüidade	Afiliados con + de seis anos e - de dez de antigüidade	Afiliados con + de dez anos de antigüidade	NON AFILIADOS
1.Consultas e asesoramento					
1.1.- Consulta verbal	GRATUITO	GRATUITO	GRATUITO	GRATUITO	30,00 €
1.2.- Consulta con informe	20,00 €	10,00 €	GRATUITO	GRATUITO	60,00 €
2. Expedientes individuais extraxudiciais					
2.1.- Redacción denuncias á Inspección de Traballo, cartas o escritos dirixidos a persoas, empresas u organismos	20,00 €	10,00 €	GRATUITO	GRATUITO	60,00 €
2.2.- Pliegos descargo e alegacións exped. disciplinarios	20,00 €	10,00 €	GRATUITO	GRATUITO	60,00€
3. Expedientes individuais xudiciais					
3.1.- DESPEDIMENTOS					
Resolto no SMAC ou Reclamación Previa	5% * (mínimo 90 €)	4% * (mínimo 72 €)	3%* (mínimo 54 €)	GRATUITO	10% ** (mínimo 180,00 €)
Tramitado no Xulgado do Social	5% * (mínimo 100 €)	4% * (mínimo 80 €)	3% * (mínimo 60 €)	GRATUITO	10% ** (mínimo 200,00 €)
Tramitado en Tribunais Superiores	5% * (mínimo 125 €)	4% * (mínimo 100 €)	3% * (mínimo 75 €)	GRATUITO	10% ** (mínimo 250,00 €)
3.2 RECLAMACIÓN DE CANTIDADE					
Resolto no SMAC ou Reclamación Previa	5% * (mínimo 90 €)	4% * (mínimo 72 €)	3%* (mínimo 54 €)	GRATUITO	10% ** (mínimo 180,00 €)
Tramitado no Xulgado do Social	5% * (mínimo 100 €)	4% * (mínimo 80 €)	3% * (mínimo 60 €)	GRATUITO	10% ** (mínimo 200,00 €)
Tramitado en Tribunais Superiores	5% * (mínimo 125 €)	4% * (mínimo 100 €)	3% * (mínimo 75 €)	GRATUITO	10% ** (mínimo 250,00 €)
3.3 RECLAMACIÓN POR DEREITOS					
XUIZOS SIN CONTIA E XUIZOS PERDIDOS	30,00 €	20,00 €	GRATUITO	GRATUITO	180,00 €
Pensións; Prestacións Desemprego; Incapacidade Total, Absoluta, Gran Invalidez					
Reclamación Previa ante Organismo Competente	5% * (mínimo 90 €)	4% * (mínimo 72 €)	3%* (mínimo 54 €)	GRATUITO	10% ** (mínimo 180,00 €)
Tramitado no Xulgado do Social	5% * (mínimo 100 €)	4% * (mínimo 80 €)	3% * (mínimo 60 €)	GRATUITO	10% ** (mínimo 200,00 €)
Tramitado en Tribunais Superiores	5% * (mínimo 125 €)	4% * (mínimo 100 €)	3% * (mínimo 75 €)	GRATUITO	10% ** (mínimo 250,00 €)
3.4 CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO					
Reclamación Previa, Recursos Alzada, Reposición	5% * (mínimo 100 €)	4% * (mínimo 80 €)	3% * (mínimo 60 €)	GRATUITO	10% ** (mínimo 200,00 €)
Tramitado no Xulgado do Contencioso-administrativo	5% * (mínimo 125 €)	4% * (mínimo 100 €)	3% * (mínimo 75 €)	GRATUITO	10% ** (mínimo 250,00 €)
Tramitado en Tribunais Superiores	5% * (mínimo 150 €)	4% * (mínimo 120 €)	3% * (mínimo 90 €)	GRATUITO	10% ** (mínimo 300,00 €)

(*) % da cantidade obtida ou do beneficio anual do dereito recoñecido.

(**) Os non afiliados, como provisión de fondos abonarán ao inicio do expediente 180€

TEMAS NON LABORAIS

SERVIZO	AFILIADO	NON AFILIADO
CONSULTA	30,00 €	60,00 €
TRÁMITE	SEGUNDO HONORARIOS DOS ABOGADOS	